

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o

CENTRO: CEIP OZA DOS RÍOS

CURSO: 5ºA

MATERIA: MATEMÁTICAS

DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN PRIMARIA

DATA: 12/05/2020

desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas ou en contextos da realidade. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema).
Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución, etc.
Reflexionar sobre as decisións tomadas, aprendendo para situacións futuras.	Afonda en problemas unha vez resoltos, analizando a coherencia da solución e buscando outras formas de resolvelos.
Seleccionar e utilizar as ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo, para coñecer os principios matemáticos e resolver problemas.	Planifica o proceso de traballo con preguntas axeitadas: que quero descubrir?, que teño?, que procuro?, como o podo facer?, non me equivoquei ao facelo?, a solución é adecuada?
Expresar verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.	Distingue entre problemas e exercicios, e aplica as estratexias adecuadas para cada caso.
Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	Emprega ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas.
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	Utiliza os números ordinais en contextos reais. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datos. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números naturais, fraccións e decimais ata as milésimas, utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor da posición de cada unha das súas cifras.
Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	Ordena números enteiros, decimais e fraccións básicas por comparación, representación na recta numérica e transformación duns noutros. Calcula e compara fraccións equivalentes.
Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.	Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima. Ordena fraccións aplicando a relación entre fracción e número decimal.

Utilizar os números enteiros, decimais e fraccionarios para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e na resolución de problemas.
Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.	Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número. Realiza operacións con números decimais. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.
Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	Descompón de forma aditiva e de forma multiplicativa, números menores dun millón, atendendo ao valor de posición das súas cifras. Identifica múltiplos e divisores empregando as táboas de multiplicar. Calcula os primeiros múltiplos dun número dado.
Coñecer a numeración romana e o seu uso no contexto da vida real.	Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100. Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.
Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.	Estima lonxitudes, capacidades, masas e superficies; elixindo a unidade e os instrumentos máis acomodados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso sucesivo e a estratexia utilizada.
Operar con diferentes medidas.	Estima lonxitudes, capacidades, masas e superficies; elixindo a unidade e os instrumentos máis acomodados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso sucesivo e a estratexia utilizada. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.
Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade, masa e tempo dada en forma complexa e viceversa.
Coñecer o sistema sesaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares.	Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude. Realiza equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos.

<p>Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos acomodados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando... e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.</p>
--	--

* Para o alumnado con necesidades educativas especiais flexibilizarase os criterios de avaliación establecidos de xeito individual nas correspondentes adaptacións curriculares significativas.

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<u>Procedementos</u> : Observación directa e rexistro do traballo diario na aula e nos cadernos, valoración de probas creadas para a avaliación, debates e participacións e observacións dos logros do alumnado.
	<u>Instrumentos</u> : Diarios e caderno, probas escritas de resposta aberta (probas de desenvolvemento), probas obxectivas de resposta cerrada (completar frases, relacionar, ordenar, resposta breve,...), tests e fichas de rexistro dos logros do alumnado.
Cualificación final	<u>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso</u> : A cualificación final do curso será obtida mediante unha media ponderada das dúas primeiras avaliacións. O traballo desenvolvido na terceira avaliación será valorado, unicamente, como positivo para mellorar a cualificación final.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Levaranse a cabo actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación. Os tipos de actividades son os seguintes: <ul style="list-style-type: none"> - Tarefas de "Aula Planeta" autocorrexibles. - Actividades de repaso sobre os contidos impartidos nas dúas primeiras avaliacións. - Actividades de resposta breve (completar frases).
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Aquel alumnado que dispón de conectividade, fai o seu traballo mediante a plataforma dixital Edixgal. Unha vez realizadas as tarefas, reenvían o traballo ao profesorado para a súa corrección. O alumnado que non conta con conectividade pode imprimir o seu material no Concello correspondente.
Materiais e recursos	O material empregado é o ordenador co que conta o alumnado para traballar na plataforma dixital Edixgal. Os recursos son os que están dispoñibles na dita aplicación ou os extraídos doutras fontes, por parte do profesorado.

3. Información e publicidade

Información alumnado e familias	ao ás	O alumnado é informado a través da plataforma dixital Edixgal. En dita aplicación existe un apartado de “Mensaxes”, no cal hai unha comunicación directa alumnado-profesorado acerca das diversas actividades e tarefas a realizar.
Publicidade		Publicación obrigatoria na páxina web do centro.